

XAVIER
Momentos naturais
1977-2025





XAVIER
Momentos naturais
1977-2025

Palacio Municipal de Exposicións
Kiosco Alfonso

3 de decembro de 2025
ao 26 de febreiro de 2026

Xavier. Momentos naturais 1977-2025

CONCELLO DA CORUÑA	EXPOSICIÓN	CATÁLOGO
Alcaldesa da Coruña Inés Rey García	Comisarios Marta-Volga de Minteguiaga-Guezala e Rubén Ventureira	Textos Inés Rey García Marta-Volga de Minteguiaga-Guezala Rubén Ventureira
Concelleiro de Cultura e Turismo Gonzalo Henrique Castro Prado	Coordinación María José Alonso Crespo Buro Bricolo	Dirección María José Alonso Crespo Buro Bricolo e Rubén Ventureira
Director da Área de Cultura Uxío Novo Rey	Montaxe Savisu Soluciones	Fotografía Hydris Mokdahi ArtWorkPhoto.eu François Fernandez
Xefa do Servizo de Cultura e Memoria Histórica Susana Martínez Portabales	Gráfica David Carballal estudio gráfico, S.L.	Traducións do francés María José Alonso Crespo
Directora de Exposicións e Coleccións Ana Martínez Arenaz	Impresión dixital Ideño, Diseño e Impresión	Revisión do galego Ramiro Combo García
Kiosco Alfonso María Corredoira Jack	Transporte Laurence Desmortreux	Deseño e maquetación David Carballal estudio gráfico, S.L.
	Seguro Hiscox	Imprime Imprenta Mundo
		Depósito Legal: C 1768-2025

A obra que se reproduce na cuberta foi realizada por Xavier especialmente para esta exposición. É unha peza feita sobre papel con augada, pastel, tintas de cor e rotuladores acrílicos.

Frontispicio:
Detalle de
Landeix malva 1
Xavier, 1977

AGRADECEMENTOS
Malén Gual, Lina Lázaro, Bérengère Lipreau,
Elena Pardo, Éric Quiniou, Isabel Ruso,
Jacques Vidal-Naquet, Mariane Vilató,
Marie-Pascale Widemann,
Fundació Llorens Artigas
e Musée Picasso d’Antibes.

Xavier quere mostrar o seu agradecemento especial a todos os artesáns que colaboraron con el ao longo dos anos e que fan posible o seu traballo

Índice

9	A semente dunha exposición Rubén Ventureira
17	Momentos naturais Marta-Volga de Minteguiaga-Guezala
170	Biografía
172	Textos en castellano
184	Textes en français



Xavier
«La Rose»,
do libro *9 Plantes
pour un herbier*,
1996

Hai máis dun século, un mozo Pablo Picasso descubría a súa vocación artística nas rúas, nas aulas e nos ceos cambiantes da Coruña. Foron anos de aprendizaxe, de descuberta e de primeiros pasos cara ao que sería unha das traxectorias máis influentes da arte contemporánea. Aquela experiencia coruñesa marcou un antes e un despois na vida dun neno que empezaba a comprender o poder da creación.

Hoxe, o seu sobriño neto Xavier regresa a esta mesma cidade coa madurez dun creador que converte a natureza, a luz e a emoción en linguaxe universal. É un círculo que se pecha e, ao mesmo tempo, unha nova semente que agroma: a continuidade dun legado familiar e artístico que se reinventa e cobra nova vida na nosa cidade.

Como lembraba Picasso nas súas conversas con Brassai, a inspiración só chega cando te atopa traballando. E esta exposición, *Momentos naturels*, é precisamente o froito dese traballo constante e apaixonado, desa entrega silenciosa e perseverante que transforma a vida en arte e a arte en vida.

Cada obra de Xavier é un diálogo coa natureza, un exercicio de observación, de sensibilidade e de liberdade creativa. A través da pintura, do gravado, da escultura e da cerámica, convida a quen observa a deterse, a mirar o mundo con calma e con asombro, a redescubrir a harmonía entre o humano e o natural.

A Coruña acolle con orgullo esta mostra, que une a creación contemporánea coa memoria viva dunha cidade profundamente vencellada á arte. Porque nesta cidade a cultura non é só patrimonio: é identidade, é vocación, é maneira de entender o mundo. E porque seguimos a crer que a arte é un lugar de encontro entre xeracións, entre emoción e pensamento, entre pasado e futuro.

Como alcaldesa, agradezo a xenerosidade de Xavier, así como o traballo de todas as persoas que fixeron posible *Momentos naturels*. Unha mostra máis do noso compromiso coa creación, coa beleza e coa liberdade, e para lembrar que esta cidade continúa sendo, como onte e como sempre, terra fértil para a arte e para os sonhos.

Inés Rey García
Alcaldesa da Coruña



Xavier, no taller de gravado da EASD Pablo Picasso, en 2025 | Rubén Ventureira

A semente dunha exposición

Rubén Ventureira

—Vou ir pasear só.

Quen anuncia a camiñada é Xavier Vilató. O calendario marca o 14 de xuño de 2023. Hai 128 anos que ningún membro da familia Picasso pisa esta terra sacra, a do cemiterio municipal de Santo Amaro, na Coruña. Está conmovido. Tanto que, aínda conscientes do simbolismo do momento, ningún dos seus acompañantes se atreve a sacar o móbil e facer unha fotografía.

Neste camposanto, daquela chamado cemiterio xeral, foi enterrada o 12 de xaneiro de 1895 Conchita Ruiz Picasso, irmá pequena de Pablo Ruiz Picasso e de Lola Ruiz Picasso, avoa de Xavier.

A morte de Conchita, vítima da difteria, explica moito do Picasso posterior. Pouco antes do seu falecemento, fai unha promesa a Deus: «Se ela vive, eu deixo de pintar». Como morre, séntese artista por decisión divina. A calidade da súa pintura medrará nas semanas seguintes de maneira espectacular. No breve lapso que vai dese falecemento á súa marcha da Coruña, realiza as súas primeiras obras maiores e as súas dúas primeiras exposicións individuais. Segundo o seu biógrafo John Richardson, a morte de Conchita marcará mesmo a súa relación futura coas mulleres («revela por que a arte e a vida de Picasso implicaban sacrificios consecutivos, o dunha muller tras outra en memoria do sacrificio de Conchita»). «A morte da irmanciña pon un punto dramático á súa maneira de ver o mundo e a vida», corrobora Xavier.

É 14 de xuño de 2023 e Xavier Vilató (Boulogne-Billancourt, 26 de decembro de 1958), sobriño neto do autor do *Guernica*, chega á Coruña por primeira vez para acompañar a súa amiga Malén

Gual nunha conferencia no Museo de Belas Artes, que programa, con motivo do cincuenta aniversario da morte do artista malagueño, la exposición *Picasso branco no recordo azul. Debuxando o futuro*. «Eu tiña unha visión da Coruña que viña, supoño, da familia de sempre como algo un pouco negro, negativo, porque estaba incluída nesa historia a morte de Conchita. É o que sobresaíu do recordo. Non había ganas de remover aquilo. Eu non cheguei a coñecer a miña avoa, que foi quen viviu aquel episodio directamente, pero era algo moi pouco comentado na familia», apunta Xavier. El quixo romper con esa visión. «Desde o inicio pensei que, de ir á Coruña, tería que ir ao cemiterio. Sabía que non me iría sen facelo. E foi moi especial darme conta de que era o único da familia que tivera esa curiosidade de ir ver a Conchita. Non deixa de ser misterioso que ninguén o fixese antes: creo que era un feito tan terrible que traballaron o máis posible para esquecer», esténdese. Conchita xa non está alí. En 1895 foi enterrada nunha zona de terra, á entrada de Santo Amaro, onde as sepulturas se levantan periodicamente en función das necesidades. Os seus restos, de habelos aínda, trasladáronse, non se sabe cando, ao osario. Pide Xavier ir ao osario actual, aínda que ninguén sabe precisar se ese foi o destino definitivo.

Xavier é o terceiro familiar dos Ruiz Picasso que pisa A Coruña desde que estes a deixan en 1895¹. É Malén Gual, comisaria da

¹ A primeira foi Catherine Hutin, fillastra de Picasso, con motivo de dúas exposicións na Fundación Barrié. Diana Widmaier Picasso, neta de Pablo, fíxoo en dúas ocasións, a última en 2023, con motivo da inauguración dunha mostra do fotógrafo Helmut Newton na Fundación MOP.

exposición *O primeiro Picasso* e cocomisaria de *Picasso branco no recordo azul*, a que o anima a vir: «Ven e facemos a charla xuntos», propúxolle. E el aceptou. «Tiña ganas de ir porque é unha peza do quebracabezas que me falta. Coñezo bastante todos os sitios picassianos, pateemos moito, contáronme moitas cousas. Desde pequeno a xente sentiu que eu tiña un interese por saber de onde viña e cal era a miña historia, e toda esa relación cos pintores da familia e os seus lugares respectivos. Fun recuperando moitas partes da historia familiar. Primeiro en Cataluña, que é o que estaba máis preto. Despois, aos poucos, descubrín Andalucía e Málaga. E fixen moitas cousas, expuxen moito, neses sitios. Falta un pouco no mapa vir aquí. E foi como unha revelación», asegura Xavier.

Unha epifanía que podemos datar: 14 de xuño de 2023. É unha mañá produtiva para Xavier, quen lles chama «Pablo» a Picasso e «avoiño Pepe» a José Ruiz Blasco, pai do ilustre pintor malagueño. Antes de ir ao cemiterio, visita a Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso da Coruña, herdeira da Escola Provincial de Belas Artes da Coruña onde «Pablo» estudou tres cursos (debuxo sobre todo, pero tamén pintura) e «o avoiño Pepe» traballou durante catro. Picasso tivo como mestres o coruñés Román Navarro, o alacantino Antonio Amorós y Botella, o compostelán Isidoro Brocos e, sobre todo, o seu pai. «É un personaxe que me parece moi clave na construción de Pablo —di Xavier de don José Ruiz—. A súa nai, tamén. É unha parella moi especial. Se nace un Pablo é porque ten ao redor xente cun pensamento moi libre. Do avoiño Pepe, que é como lle chamamos na familia, cóntanse cousas máis ben divertidas. Tiña un sentido do humor á inglesa», apunta. En efecto, na Coruña era alcumado como «O inglés», polo seu porte alto e o seu cabelo claro.

A Xavier indígnao, como a outros estudosos das etapas coruñesa e barcelonesa de Picasso, que se desprece o papel de José Ruiz Blasco como mestre do xenio: «Construíu totalmente os inicios de Pablo e a visión de Pablo. Eu creo que el se decatou de que tiña unhas mans e unha visión especial e el foi nutrindo iso. Por exemplo, na Coruña tráelle modelos en vivo para que poida copiar. Ben, toda a familia se deu conta de que el era especial. Como o avoiño Pepe tamén era especial, supoño que foi transmitindo moitas cousas e, aínda que el non pareza así, eu penso que a transgresión tamén está aí incluída». Picasso confronta na Coruña por primeira vez o académico co antiacadémico. «Gústalle

o diferente desde moi pequeno, o que non é académico, pero ao mesmo tempo sabe que o seu saber facer nace da súa relación co seu pai, do que lle ensinaron. É un dobre xogo entre o que sabes e como poder facelo doutra maneira. Quere transgredir o que lle ensinaron, e está nesa posición desde o inicio», apunta Xavier.

Dixo o xenio andaluz, parafraseando a Ingres, que á entrada do taller de todo pintor tería que haber un letreiro que puxese «escuela de debuxo». Xavier está de acordo. O académico aprendeuno Picasso na Coruña copiando láminas ou debuxando partes ou a totalidade de xesos. «Pablo formouse no XIX, pero é case unha formación de alguén do XVIII. A academia deses anos nestes sitios era unha academia que viña de moi lonxe. O debuxo era a base de todo, e toda a obra de Pablo está construída sobre un debuxo moi seguro. Toda a estrutura do cubismo, antes de ser estrutura de cores, é estrutura de debuxo. O debuxo, para el, é o que estrutura verdadeiramente a pintura. Matisse di que o debuxo é unha pintura con medios pobres. A maior revolución vai ser precisamente espertar o debuxo na pintura como unha estrutura que ten que ir como debuxo ata o final. A chegada dos cubistas é porque hai unha estrutura de debuxo case arquitectónica. En certa maneira, poderíase dicir que o cubismo é unha arquitectura sentimental, moito máis sentimental que estrutural. É unha maneira de poñer os sentimentos e o coñecemento do pintor no medio da construción do cadro. E isto vén de que Pablo é un gran debuxante, e ten unha estrutura de debuxante que adquire xustamente aquí [A Coruña] e despois cultiva tamén en Barcelona».

Ten clara Xavier a importancia da Coruña para entender o todo Picasso, non só porque é onde inicia os seus estudos académicos, senón tamén polo que aprende fóra da escola, na rúa, pois sae pintar e debuxar a paisaxe e a veciñanza. «É na Coruña onde Pablo empeza verdadeiramente a construírse como pintor. Isto fai que o Pablo que vai despois a Barcelona xa se construíu aquí. Se ao chegar a Barcelona pode entrar na Llotja é porque na Coruña xa empezou todo ese traballo académico. Porque en Málaga, aínda que está en contacto con todo isto, é un rapaz», sentencia Xavier antes de pasear polo moi traballado museo picassiano que hai na EASD Pablo Picasso. É a súa directora, Elena Pardo Antequera, a que lle ofrece unha visita guiada por esa mostra que combina os xesos orixinais que debuxou o artista malagueño con reproducións das obras que produciu na vella escola. E non só se constrúe o Picasso pintor, senón tamén o home. Chega á daquela



María José Alonso, Xavier, Malén Gual, Rubén Ventureira e Elena Pardo, na terraza do Instituto da Guarda, en 2023 | Isabel Ruso

capital galega con 10 anos e vaise con 13. É o período clave da adolescencia, «de construción da súa conciencia», apunta Xavier. Mesmo da súa conciencia política, que nace á calor do seu mecenas, o republicano Ramón Pérez Costales.

Tras visitar a EASD Pablo Picasso (na que se ofrece á súa directora para impartir un taller gratuito de gravado aos alumnos) e o cemiterio, Xavier pasa pola casa de Payo Gómez, onde os Ruiz Picasso viviron entre outubro de 1891 e abril de 1895, e polo Instituto da Guarda, que albergaba na súa planta baixa a Escola de Belas Artes e na superior o Instituto de Segunda Ensinanza. En ambos estudou Picasso, ese neno que cambiou os azuis ceos andaluces polos grises galegos, e o español con acento malagueño polo idioma de Rosalía. «Unha cousa que eu

non entendín ata chegar aquí é que, para Pablo, a primeira vez que vai ao estranxeiro é cando viaxa á Coruña. Cando es un neno malagueño que só coñeciches Málaga, e máis naqueles anos, finais do XIX, cando as diferenzas entre lugares eran aínda máis marcadas, chega aquí [A Coruña] e é un mar que non coñece, un idioma que non coñece, un clima que non coñece, que é un pouco como ir a Suecia, unhas relacións humanas diferentes... Todo isto é fundamental porque na inmensa parte da súa vida posterior vai estar nesa posición de ser estranxeiro alá a onde vai. En Barcelona, en Francia... Tense que adaptar. A súa capacidade de adaptación, e de absorber os sitios, a xente, a maneira de pensar, e de amar as cousas diferentes, nace na Coruña», reflexiona o seu sobriño neto.



Xavier posa diante da exposición permanente sobre Picasso que hai na EASD Pablo Picasso, en 2025 | Rubén Ventureira

De todo o coñecemento picassiano que acumula na súa primeira visita á Coruña, e do impacto que lle producen esas revelacións, nace a necesidade de Xavier de expoñer na cidade onde o creador da pomba da paz realizou as súas dúas primeiras mostras colectivas e as dúas primeiras individuais. «Decateime de que, en paralelo á historia negra, había outra historia moi importante: que é na Coruña onde Pablo empeza verdadeiramente a construírse como pintor. Visito o Instituto da Guarda, a casa onde viviron... Todo isto axudoume moito a min a acabar de construír o mapa familiar, que o tiña moi turbio no que se refería a Galicia», reflexiona. «Son moi afectivo e doume conta de que é a peza do quebracabezas que me faltaba en España. Foi un descubrimento. Eu, cando estou ben nun sitio, teño sempre ganas de dúas cousas:

traballar e expoñer. É unha maneira, supoño, de falar coa xente do sitio, de ensinar o meu traballo para comunicar. A arte sempre se fai para os outros, para a comunicación e para tentar entender quen son os outros e quen es ti neste xogo. “Sería divertido expoñer aquí”, pensei».

O 3 e o 4 de marzo de 2025, Xavier regresa á Coruña. Faino, xa a tiro fixo, para visitar o lugar elixido para a súa exposición, o modernista Kiosco Alfonso, que non existía cando os Ruiz Picasso viviron na Coruña, pero si o espazo onde se sitúa, os xardíns de Méndez Núñez, onde se levanta tamén o monumento a Daniel Carballo, para cuxa construción colabora cunha peseta José Ruiz Blasco. Eses xardíns polos que o seu tataravó, o avoíño Pepe, foi pasear cando as patas dunhas pombas se lle resistiron nun cadro e, ao volver, atopouse con que o pequeno Pablo as resolvera cunha mestría nada infantil. «Chegar aquí, á Coruña, é como pechar un ciclo de cousas afectivas, é unha maneira de estar en discusión con eles. Eu penso: “O avoíño Pepe chegou aquí e mirou este mar. Pablo chegou aquí e mirou este mar. Eu estou a mirar este mar”. A min todas estas cousas nótrenme moito e utilízoas como forzas para facer o meu traballo. Non é fetichismo. Faime sentir ben. Para entenderme, teño que entender tamén todo isto. Estar aquí, traballar, conseguir facer unha grande exposición diferente a outras... Todo isto nutre o meu traballo. Estes olores familiares que están aí soprando son vento nas miñas velas», relata Xavier.

En *A cabeza de obsidiana*, André Malraux recolle unha reflexión de Picasso sobre que a pintura é unha obra continua: «Os pintores á forza se reencarnan en pintores. Son unha raza en

Seguinte páxina:
Xavier, nas escaleiras da Casa Picasso da Coruña, en 2023 | Rubén Ventureira

si mesmos». É inevitable lembrar esta cita cando Xavier percorre a súa árbore xenealóxica. «É moi bonito seguir os pasos dos meus devanceiros. Foi moi complexo vir de onde veño e construír unha obra. Eu durante anos escondín a miña orixe. Ata os 50 anos ninguén sabía de onde viña, porque era unha maneira de protexerme e de poder facer a miña obra sen entrar na cousa das comparacións. Pero a partir dun determinado momento decidín que era máis divertido contar, porque eu podería transmitir cousas que xa non sabía ninguén. Decátaste de que tes un papel que xogar, de que, se calas, o que ti sabes vai desaparecer. O feito de que eu non falase disto durante anos non quere dicir que eu non me construíse con esas cousas. Son forzas que sempre levei en min, aínda que non as manifestase verbalmente. Aprendín a utilizalas. Tanto o lado Picasso, como o lado Kahnweiler, como o lado Lascaux, ou o do meu pai, que era pintor. Eu son fillo de pintor, neto de pintor, hai pintores por todos os costados».

En efecto, Xavier é fillo do pintor, gravador e escultor catalán Javier Vilató. Neto do pintor francés Élie Lascaux. Sobriño do pintor e gravador José Vilató Ruiz (que empregaba o pseudónimo J. Fín). Sobriño neto de Louise e Michel Leiris. O coleccionista e marchante de arte Daniel-Henry Kahnweiler era o seu tío avó. E o seu tataravó era o pintor malagueño José Ruiz y Blasco, pai de Picasso, de quen é sobriño neto.

Non deixa de ser curioso que, ao mes da chegada dos Ruiz Picasso á Coruña, se anuncie na prensa que José Ruiz expoñerá na cidade «unha preciosa colección de cadros e estudos feitos en Andalucía». É dicir, a súa intención é presentarse cunha antolóxica. Non o fará finalmente. Pero así se presentará o seu descendente 130 anos despois. «Que idade tiña o avoíño Pepe daquela?», interésase Xavier. 53, tiña 53. Con 67 farao el. «Se cadra vin aquí pechar cousas que estaban abertas e que había que pechar. É todo moi misterioso. Eu creo moito nas cousas que non teñen explicación», conclúe.

Falando de «pechar cousas»: Non quere que todo se acabe cunha exposición e un catálogo da súa obra. Propón colocar unha cruz en Santo Amaro en lembranza de Conchita. E poñer na praza de Pontevedra, nun xardín situado diante do instituto e fronte á escultura da pomba da paz, unha escultura-fonte da súa autoría do avoíño Pepe e Pablo. Tena acabada. Mostra orgulloso as fotos. Xeneroso, «só habería que pagar o fundido». Así, a pegada dos Ruiz Picasso na Coruña sería aínda máis permanente.



XAVIER
Momentos naturais
1977-2025

Momentos naturais

Marta-Volga de Minteguiaga-Guezala

«O que fago é o produto do que son»
Xavier



Xavier, no seu taller da *rue Jean Mermoz*, París, en 1981 | Foto: Lina Lázaró (Arquivos XV)

Xavier naceu nunha familia de artistas con ramificacións fascinantes. É o fillo de Javier Vilató, quen é artista e fillo de Lola Ruiz Picasso, a irmá de Pablo Picasso e polo tanto, é o tataranieto de José Ruiz Blasco, primeiro pintor na historia da vida de Picasso e ao que toda a familia chama «O avoíño Pepe». A súa nai, Germaine Lascaux, é a filla de Elie Lascaux, cuñado de Daniel-Henri Kahnweiler e de Michel Leiris. É evidente que debuxar e pintar eran para Xavier as actividades do oficio que sempre viu en casa. De feito, adoita dicir que simplemente facía como todos os nenos: observar como traballaban os seus pais e repetir o que vía facer en casa, ademais de convivir coas persoas cuxas obras estaban colgadas nas paredes. Sendo así, non é de estrañar que elixise poñerse o traxe de artista e mergullouse no mundo da creación. É moi novo cando empeza a pintar, expoñer e darse a coñecer. Tamén entón comezan as súas amizades.

Tamén é relevante recalcar que é ao tempo francés e español. Ou, dito doutra maneira, ningunha das dúas cousas. Porén, apropiarse e encarnar as dúas identidades é unha forza engadida.

Xavier é un artista completo. Ten unha curiosidade por todo sen fin e sen descanso. Crear, sexa cal for a maneira, apaixónalle e nestes 50 anos que pasaron non parou de entregarse en corpo e alma á creación, ofrecéndonos unha obra dunha beleza estremecedora e á vez sempre sorprendente. Pintura, debuxo, escultura, gravado, cinema... Todo apaixona a Xavier e todo está vinculado. Non hai xerarquía entre os medios e sempre nos sorprende (ou polo menos a min) descubrir que unha escultura miniatura fai

alusión á última gran serie na que está a traballar. As únicas fronteiras entre os soportes son as técnicas. Todo o demais nace do mesmo impulso creador. E sen ningunha dúbida iso é unha das forzas da súa obra: poder pasar libremente dun medio a outro, sen perderse xamais.

Aínda que hai un tema que se repite ao longo da historia da arte é o da natureza. Tema universal, transcultural e transcronolóxico, cada civilización tentou traducir a súa beleza, a súa potencia ou a súa espiritualidade. A natureza é fonte de inspiración para os artistas, encarnando o movemento, a luz, o ciclo da vida e convidando á contemplación e á creación.

Con todo, encarar a creación a través do seu coñecemento dos pintores que lle precederon non era suficiente para Xavier: quixo mergullarse nesa procura universal da representación da natureza para comprender e asirse polos seus propios medios da súa función fundamental. Para el non é renderlle homenaxe a unha tradición. É medirse á unha cuestión esencial: como seguir pintando a natureza hoxe día?

Nada mais empezar, a súa obra está marcada polo seu traballo en series, épocas ou períodos... a el gústalle chamalos «momentos». Este termo describe ben do que se trata: unha etapa nunha vida de creación. Nin a primeira nin, sen ningunha dúbida, a última. Nunca nada está gañado. Nunca nada está terminado. Ten este marabilloso talento de resistir ao que está de moda de tal forma que sempre anda co seu tempo: o dos soños e a poesía, no máis profundo dos sentimentos humanos. Porque é a poesía que está no corazón mesmo do seu traballo. Comprendémolo nada

máis ler os títulos que lles dá ás series¹ e ás súas obras: fannos viaxar. Con eles, Xavier dános a clave para poder acceder aos universos que crea e constrúe para nós. A poesía transforma a mirada en experiencia e a pintura en linguaxe interior.

Entón, habería cousa máis natural (non me resisto a usar a palabra...) que ver xurdir o pretexto da natureza na súa obra? Unha natureza contemplada, soñada, inventada, unha natureza salvaxe, amiga... Está presente desde o inicio. Ás veces é o corazón mesmo do tema do momento. Pero tamén simplemente aparece ou desaparece, xogando ao agocho connosco e co propio Xavier. É o fío condutor que lle guía desde o principio.

Esta exposición propón retomar toda a obra de Xavier a través do prisma da natureza. Observar como aparece, se metamorfosea, ocupa todo o escenario ou se esconde, toma formas incríveis ou revela unha serenidade tranquila que nos invade. Pinturas, claro, pero tamén esculturas, cerámicas e gravados; descubrimos que a natureza está presente en todos os *momentos* do traballo de Xavier.

A mostra divídese en nove momentos e dous gabinetes. Un gráfico, dedicado aos gravados e o outro, precioso, dedicado ás cerámicas e as esculturas. Estes *momentos* abarcan o seu traballo de 1977 ata hoxe, cunha obra realizada en 2025 especialmente para esta exposición no Kiosco Alfonso da Coruña (cat. 100).

¹ Ver a entrevista de Xavier feita por Annie Cohen-Solal no catálogo da exposición *Xavier. Chemins Buissonniers* no Museo Picasso de Antibes, en abril de 2025.

En 1977, Xavier e Lina, a súa parella, seguindo as pegadas do seu avó materno, Elie Lascaux¹, van a Saint-Léonard-de-Noblat na rexión do Limousin.

Hospédanse no castelo de Landeix, lugar no que traballou Gay-Lussac². É curioso como o destino dámos sinais e sen dúbida, aquí, lle chiscou o ollo a Xavier dándolle a posibilidade de traballar no lugar onde un físico estudara os fenómenos químicos de certos elementos da natureza.

Nos dous meses que están neste lugar deserto e algo escanallado, Xavier vai emprender unha serie de paisaxes realizadas cunha gran liberdade que só o talento e a mocidade poden conceder.

A cor convídase como un elemento de exaltación: as paisaxes son violetas (cat. 8 e 9), Lina aparece no medio da natureza, es-pida ou subida na súa bicicleta (cat. 4 a 7, 10), os ceos tamén son violetas, os postes eléctricos rachan o bosque marcando a época e a civilización (cat. 1 a 3) na que se reconece.

Esta serie exhala mocidade e a exaltación da pintura. O pincel deslízase sobre o lenzo e déixanos adiviñar o gran artista cuxa mirada ten unha tenrura tenaz sobre o real.



¹ Elie Lascaux era o pai de Germaine Lascaux, a nai de Xavier. Era pintor e dedicou os seus últimos anos a realizar cadernos nos que conta a súa vida en debuxos para o seu único neto: Xavier, quen relatará posteriormente os momentos nos que vía ao seu avó traballar no salón. Ver o catálogo da exposición *Elie Lascaux, un enfant du paradis* (Musée des Beaux-arts, Limoges, 2011).

² Louis Joseph Gai-Lussac (6 de decembro de 1778–9 de maio de 1850) é un químico e físico francés coñecido polos seus estudos sobre as propiedades dos gases.



2

Etude pour 'Vu de nuit'
Bosquexo para 'Visto de noite'
1977

Acrílico sobre lenzo
 33 x 24 cm

Colección particular



3

Vu de nuit
Visto de noite
1977

Acrílico sobre lenzo
 55 x 38 cm

Colección particular



4
Etude 1 pour 'La campagne à vélo'
 Bosquexo 1 para 'O campo en bici'
 1977

Acrílico sobre lenzo
 33 x 24 cm

Colección particular



5
La campagne à vélo
 O campo en bici
 1977

Acrílico sobre lenzo
 92 x 73 cm

Colección particular



6

Etude I pour 'La femme à la campagne'

Bosquexo I para 'A mulher no campo'

1977

Acrílico sobre lenço

19 x 24 cm

Colección particular



7

Etude III pour 'La femme à la campagne'

Bosquexo III para 'A mulher no campo'

1977

Acrílico sobre lenço

38 x 55 cm


Colección particular



8
Landeix mauve 2
Landeix malva 2
 1977

Óleo sobre lenzo
 16 x 27 cm

Colección particular



9
Landeix mauve 1
Landeix malva 1
 1977

Óleo sobre lenzo
 24 x 19 cm

Colección particular



La Trilogie (Nature)

En 1977, Xavier inicia unha gran serie na que decide *atacar* os tres grandes temas da historia da arte: a muller, a natureza e os obxectos.

Con só 20 anos, imponse explorar o que os grandes mestres da pintura exploraron antes que el e enfrontarse con eles a través da súa propia práctica.

Traballa nesta serie durante seis anos. Empeza pola muller, logo segue a natureza e despois os obxectos. Noméaa *la Trilogie*¹.

Cando chega o momento de empezar coa natureza, Xavier e Lina márchanse ao centro de Francia. De alí sairán debuxos, pasteis, pequenos cadros... É un verdadeiro diálogo cos mestres do pasado.

É aí onde nacen as súas paisaxes postcubistas (cat. 13 e 15). En poucas liñas traza os grandes volumes, o ceo e a terra están atravesados por trazados vigorosos que evocan o vento, unha nube, unha liña de construción espacial. As paisaxes respiran. As formas están simplificadas e aínda así, todo aquí vibra. Síntese a axitación do mar (cat. 12), o vento entre as ramas (cat. 13 a 15), os raios da lúa (cat. 17) e o alento cálido da area ao pé das palmeiras do Levante (cat. 18).

Estes temas que leva a París van ser o centro do seu traballo durante dous anos. Vaia onde vaia, lévaos e volve a traballalos.

Todos os cadros desa época son marabillosos. Xavier vive un verdadeiro momento de graza.

Nesa época empezan as súas primeiras exposicións². Estas obras van ter moito éxito diante do público e os primeiros coleccionistas de Xavier preséntanse.

É unha serie moi importante que se vendeu moi ben e resulta difícil hoxe en día atopar algunha obra para expoñela. Así que temos moita sorte de poder presentar esta suite de oito cadros.



11

Etude pour ‘Vu du pont III’

Bosquexo para ‘Vista desde a ponte III’

1979

Óleo sobre lenzo

24 x 33 cm

Colección particular

¹ *Triloxía*.

² Ver a súa biografía neste catálogo.



12

Aloes et la mer

Aloes e o mar

1980

Óleo sobre lenzo
73 x 92 cm

Colección particular

32



13

Le grand arbre

A gran árbore

1980

Óleo sobre lenzo
73 x 92 cm

Colección particular

33



14

Les bords de la Glane

As beiras do Glane

1980

Óleo sobre lenzo

24 x 33 cm

Colección particular

34



15

Le grand vent

O gran vento

1980

Óleo sobre lenzo

97 x 130 cm

Colección particular

35



16

La route du moulin de Lacombe

A estrada do muiño de Lacombe

1980

Óleo sobre lenzo

73 x 92 cm

Colección particular, París

36



17

La Lune entre les pins

A Lúa entre os piñeiros

1980

Óleo sobre lenzo

73 x 92 cm

Colección Widemann-Quiniou

37



18

Triptyque : les palmiers

Triptico: as palmeiras

1980-81

Óleo sobre lenço e madeira

84 x 167,5 cm

Colección Jacques Vidal-Naquet

Menorca

En 1989, Xavier está nun momento clave do seu traballo. Ese verán con Lina alugan a vila Rafal Fort en Menorca. Dese encontro con esta localidade nace un vínculo moi forte entre Xavier e a illa que elixe como un dos seus lugares idóneos para a súa pintura e para a súa vida.

Menorca transfórmase nun taller ao aire libre, un regreso ao esencial.

Pinta o que ve desde a súa xanela. Aparecen grandes extensións de terra árida, cortadas por muretes de pedras secas, tan característicos da paisaxe menorquina (cat. 19 e 21). Lina aparece bañada pola luz da posta de sol ou apoiada no soportal, pensativa (cat. 20 e 21).

Destes cadros despréndense serenidade, un tempo ao ralentí, un descanso que permite renovar a pintura polo propio exercicio da pintura.



19

De la fenêtre de Rafal Fort
Desde a xanela de Rafal Fort
1989

Óleo sobre lenzo
55 x 46 cm

Colección particular



20

Le porche
O soportal
1989

Óleo sobre lenzo
55 x 46 cm

Colección particular

42



21

Lina, que le couchant jaunit
Lina, que á posta de sol se pon amarela
1989

Óleo sobre lenzo
55 x 46 cm

Colección particular

43

En 1990, en pleno verán menorquín —destino agora habitual para Xavier e a súa familia— nacen *les Végétaleries*¹ como unha explosión da terra menorquina: xorden no seu traballo marcando unha gran cantidade de obras sempre con todo tipo de técnica.

Esta serie ocupará Xavier ata en 1993. Mergúllase no corazón do elemento vexetal, sublima a súa axitación e dálle vida a un mundo que os nosos ollos non poden divisar se non é a través da pintura e que só ela pode revelar.

Pequenos pasteis e papel entelado (cat. 26 a 31), grandes lenzos espectaculares (cat. 32 e 33), descóbrese unha flora descoñecida

como as *Granféas*, as *flores de Tricornette*, as *Vaporeuses de la nuit*, os *Ramijoncs*... Revélanos todas estas especies cos seus nomes exóticos. Os elementos engádense a toda esta axitación e ata nos parece que se poden oír as campás das flores soar no vento e a choiva (cat. 25). Habitan lugares inaccesibles para os humanos como é a illa de Paprete ou Boulamiel que só a maxia de Xavier pode desvelarnos. Transfórmase no botanista dos sonhos.

¹ *Végétaleries* é unha palabra inventada por Xavier, do mesmo xeito que todos os nomes das plantas exóticas e os lugares desta serie.



22

Les fleurs de Granféas arrivent à la mer
As flores de Granféas chegan ao mar
1990

Óleo sobre lenzo
38 x 50 cm

Colección particular



23
Fleur de Tricornette
Flor de Tricornette
1990

Óleo sobre lenzo
35 x 24 cm

Colección particular



24
Vaporeuse de la nuit
Vaporeuse da noite
1990

Óleo sobre lenzo
38 x 24 cm

Colección particular



25
Grande pluie de Végétaleries
Gran choiva de Végétaleries
1990

Óleo sobre lenzo
 81 x 65 cm

Colección Widemann-Quiniou



26
Pastèque dans l'immensité
Sandía na inmensidade
1991

Óleo sobre papel entelado
 16 x 24 cm

Colección particular



27
Miniature végétale 2
Miniatura vexetal 2
1991

Óleo sobre papel enteadado
 12 x 9 cm

Colección particular



28
Miniature végétale 3
Miniatura vexetal 3
1991

Óleo sobre papel enteadado
 12 x 9 cm

Colección particular



29
Miniature végétale 4
Miniatura vexetal 4
1991

Óleo sobre papel enteadado
 12 x 9 cm

Colección particular



30
Miniature végétale 5
Miniatura vexetal 5
1991

Óleo sobre papel enteadado
 12 x 9 cm

Colección particular



31
Etude pour 'Vue du côté droit du grand caillou'
Bosquexo para 'Vista do lado dereito da gran pedra'
1991

Pastel sobre papel
 52 x 76 cm

Colección particular



32
Petite cascade aux Ramijoncs
Pequena ferverza de Ramijoncs
1992

Óleo sobre lenzo
 162 x 97 cm

Colección particular



33
Agitation végétale
Axitación vexetal
1993

Óleo sobre lenzo
 195 x 97 cm

Colección particular



34

Collage végétal

Colaxe vexetal

1993

Colaxe a pastel sobre papel
46 x 38 cm

Colección particular

54



35

Fleur de Boulamiel bleue

Flor de Boulamiel azul

1993

Colaxe a pastel sobre papel
50 x 35 cm

Colección particular

55

Un temps d'arrêt

A serie *Un temps d'arrêt*¹ está representada por só catro cadros, con todo alongouse tamén tres anos, durante os cales Xavier explorou eses momentos de descanso na vida e a axitación do día a día. Hoxe chamariámoslle *slow: slow painting, slow living, slow creating...*

Son imaxes da vida cotiá, algunha paisaxe inmóbil, como fixado pola calor (cat. 36) e no que unha muller busca unha pouca de sombra para poñer a súa toalla azul. Outra paisaxe. Seca. Probablemente menorquina, onde agora son dúas vacas que buscan sombra. Case podemos oír os grilos. Sentir a asperidade da herba queimada polo sol.

Ben se sabe: cando fai moita calor, hai que moverse o menos posible. Só a noite dá un respiro con algo de fresco. Pódese saír a pasear co can (cat. 39) e gozar da paisaxe baixo o ceo nocturno. Parece que as estrelas se caen polo prado para iluminar a escena.

Tamén é ese momento que elixe Xavier para explorar unha nova técnica en pintura: *le crachis*. É unha técnica tomada da litografía que consiste en proxectar pingas de pintura sobre o lenzo cun cepillo e que dá unha sensación de néboa ou de veo sobre a paisaxe. A paisaxe desvanécese, o que lle permite borrar progresivamente o contorno das figuras e dos elementos do cadro. Todo parece fundirse nun elemento único.

O mundo transfórmase nun gran espazo de respiración, entre a vixilia e o soño.



36

La serviette bleue

A toalla azul

1993

Óleo sobre lenzo

38 x 61 cm

Colección particular

¹ *Un descanso.*

37
Ses vacas
Ses vacas
1993

Óleo sobre lenzo
46 x 38 cm

Colección particular





38

Etude pour amoureux dans un jardin

Bosquexo para namorados nun xardín

1993

Óleo sobre cartón entelado

18 x 24 cm

Colección particular

60



39

Instant nocturne II

Instantes nocturnos II

1996

Óleo sobre lenzo

81 x 130 cm

Colección Jacques Vidal-Naquet

61

Nos dous cadros que representan este momento podemos ver, como o indica o título, que unha brisa suave vén perturbar a natureza. E non só a natureza. Parece que neste momento, que empeza en 1995 e vai ata 1997, Xavier sae do tempo de descanso para observar, cun suave estremecimiento, o propio sentido do que é a pintura. Porque evidentemente, desde o primeiro momento desta exposición, a pintura é a que manda. Claro, é ela quen dirixe todo o seu traballo, sendo o fío condutor que se nutre de todo o demais pero tamén imponendo un ritmo.

No primeiro cadro, un home está no claro dun bosque indefinido con lianas colgando das árbores. Ten as mans detrás das costas e observa unha tartaruga aos seus pés. Tómase o tempo de observar esta criatura que avanza moi moi amodo. Falabamos do *slow* no capítulo anterior, non é tamén esta relación á vez que nos mostra aquí? Coller o tempo de contemplar ata o movemento máis sutil, contemplar tamén a natureza, interrogala...

No cadro seguinte, *Pêcheur d'images*² (cat. 41), subido a unha roca pegada a un estanque está a gravar un peixe que parece dirixirse a el. O artista contempla a natureza e represéntase capturándoa, ou sexa, pintándoa.

A pintura está en conversación con ela mesma. Xavier tenta reencontrar a arte no mero centro da pintura desafiando a paciencia do mundo.



40

La tortuga

A tartaruga

1996

Óleo sobre lenzo

60 x 73 cm

Colección particular

¹ *Un lixeiro arrepío.*

² *Pescador de imaxes.*

Pêcheur d'images
Pescador de imaxes
1996

Acrílico e óleo sobre lenzo
 89 x 116 cm

Colección particular



Momento de prosperidade pictórico, *Sol y Luna*¹ marca unha nova definición da relación entre a natureza e a pintura. A natureza xa non só é representada: transfórmase no teatro dunha comunicación entre o home, a luz e a materia pictórica. Reafirma a pintura como un espazo de celebración vital, un ritual mediterráneo onde o corpo, o sol e a noite son partícipes dunha mesma respiración cósmica.

Xavier impoñe aquí una suite eufórica, casi una danza, en donde la naturaleza se transforma en movimiento, ritmo, respiración. Los elementos están exaltados: el mar, la luna, los árboles, el viento se entremezclan en una coreografía pictórica con acentos de realismo mágico.

En *Danse de la mer* (cat. 44) ou *Tormenta de verano*² (cat. 48), Xavier pon en práctica unha pintura da vibración. As paisaxes transfórmanse en escenas rituais onde a natureza é un espectáculo e a pintura o testemuño dun impulso colectivo. Estas obras evocan ao mesmo tempo a enerxía mediterránea e a sensibilidade da cor; emanan a calor do Levante e o po dourado dos veráns...

En 1999, Saint-Dyé-sur-Loire é un momento clave: o artista emprende unha serie totalmente inédita e durante moito tempo. Nestas obras sobresa unha inflexión máis contemplativa: o Loira, os xardíns e as árbores transfórmanse en actores silenciosos dun regreso á natureza esencial, coma se o tempo disolvésese nela.

¹ O título desta serie, e dalgún dos cadros que a compoñen, é en castelán.

² *Baile do mar* e *Tormenta de verán*.



42

Balade Lunatique 2

Paseo lunático 2

1995

Óleo sobre lenzo

33 x 41 cm

Colección particular

43
Balade Lunatique 1
Paseo lunático 1
1995

Óleo sobre lenzo
46 x 38 cm

Colección particular





44
Danse de la mer
Baile do mar
1997

Acrílico sobre lenzo
 190 x 280 cm


Colección particular



45
Danse de la courge
Baile da cabaza
1997

Acrílico sobre lenzo
 123 x 188 cm

Colección particular



46
Siesta del Algarrobo
Sesta da alfarrobeira
1998

Acrílico sobre lenzo
 33 x 55 cm

Colección particular



47
Baile de las cañas
Baile das canas
1998

Acrílico sobre lenzo
 46 x 61 cm


Colección particular



48
Tormenta de verano
Tormenta de verán
1998

Acrílico sobre lenzo
 81 x 100 cm

Colección particular



49
La nube
A nube
1998

Acrílico sobre lenzo
 130 x 162 cm

Colección particular



50
Etude III pour St Dyé
Bosquexo III para St Dyé
1999

Acrílico sobre lenzo
 46 x 61 cm

Colección particular



51
Etude VI pour St Dyé
Bosquexo VI para St Dyé
1999

Acrílico sobre lenzo
 27 x 35 cm


Colección particular



52
Etude VII pour St Dyé
Bosquexo VII para St Dyé
1999

